



Dios Ke Te Crew arrinca a celebración dos seus 'Tremendos Anos 20' sobre os escenarios con concertos en Vigo e A Coruña en marzo

A banda máis emblemática do hip hop do país actuará o venres 3 na sala viguesa Masterclub, mentres que o sábado 18 visitará o Playa Club da cidade herculina; e as entradas xa están dispoñibles a través do portal www.enterticket.es

Estes directos, punto de partida da nova xira coa que celebrarán as dúas décadas na escena musical, contarán coa enerxía rebordante que caracteriza á banda, que estará acompañada doutros destacados artistas galegos de reggae e trap



Dios Ke Te Crew © Iago Vilarinho

20 de febreiro de 2023.- Dios Ke Te Crew, a banda máis emblemática do hip hop galego, regresa este mes de marzo aos escenarios para iniciar a **celebración do seu vixésimo aniversario**. As localidades de Vigo e A Coruña acollerán o venres 3 e o sábado 18 os dous primeiros concertos da **nova xira do grupo, nomeada "Tremendos Anos 20"**, na que revisarán as súas últimas creacións e, moi especialmente, os grandes éxitos da súa traxectoria. As entradas para as citas están dispoñibles a través da plataforma Enterticket.



Dios Ke Te Crew é historia do rap en galego. Desde a súa formación no 2003, a banda conformada por Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock destacou polo seu enxeño, habilidade narrativa e humor próximo á actualidade. Logo da publicación de tres LP e percorrer ducias de festivais e salas de concertos por toda Europa, DKTC publicou o pasado 2022 'En que ano estamos?', un EP con cinco temas nos que os seus membros demostran por que é considerada como a banda máis mítica do hip hop do país. Entre os novos tracks, acompañados por pezas audiovisuais de Xaime Miranda, destaca un dos himnos dos últimos tempos: 'OG', con Boyanka Kostova.

Este mes de marzo, a banda de Ordes dará a coñecer os directos da súa nova xira acompañada, sobre o escenario, doutras **figuras da escena musical galega vinculadas ao trap ou o reggae**. O directo de "Tremendos Anos 20", ademais, presenta unha potente posta en escena audiovisual: as imaxes creadas polo artista de renome internacional e precursor do Gif Art, **A.L. Crego**, arroupan e interactúan co contido das cancións de DKTC, aumentando de maneira exponencial ás xa de por si enérxicas actuacións que caracterizan á banda.

A primeira parada da xira 'Tremendos Anos 20' será na **sala Masterclub de Vigo** (rúa Urzáiz) o venres 3 de marzo. Dúas semanas despois, o sábado 18, DKTC chegará até o **Playa Club da Coruña**, cidade á que regresa logo dos seus exitosos directos no Festival Noroeste e nas festas veciñais do barrio de Monte Alto. As entradas xa se poden adquirir, de xeito anticipado e desde 15 euros, a través da plataforma www.enterticket.es, mentres que na billeteira, o día de concerto, os tickets terán un prezo de 18 euros.

Para máis información:

Contacto de prensa DKTC

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Xira Tremendos Anos 20